



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA
CEIP de Casas

Rúa Orquídea 63
27292 Lugo
☎ 982212700 📠 982212700
Ceip.casas@edu.xunta.es

PLAN DE ACCIÓN TITORIAL

C.E.I.P. CASÁS -LUGO

CURSO 2010-2011



I.- MARCO LEGAL:

Segundo establece o Decreto 120/98 de 23 de abril, que regula o Orientación Educativa en Galicia, correspóndelle ao Departamento de Orientación do Centro elaborar as propostas para Plan de Acción Titorial (PAT), que se incluírá dentro do Proxecto Curricular de Etapa, segundo o Decreto 374/96 de 17 de outubro, polo que se aproba o regulamento orgánico das escolas de Educación Infantil e dos colexios de Educación Primaria.

Este PAT implica a todo os profesores e profesoras do Centro, xa que “ a tutoría e orientación dos/as alumnos/as formará parte da acción docente” (Decreto 374/96 no seu artigo 80º) e, en especial, aos Titores e ás Titoras, xa que a eles/as correspóndelles “participar no desenvolvemento do Plan de Acción Titorial” (Decreto 374/96,art. 81º).

II.- PRINCIPIOS PSICOPEDAGÓXICOS:

A acción titorial, considerada como conxunto de accións encamiñadas á consecución dos grandes fines da educación, considerárase intrinsecamente vinculada á acción docente. A acción titorial é o primeiro nivel da orientación no Centro e o máis directamente relacionado co alumnado. A acción titorial é responsabilidade de todo o profesorado que imparte docencia; pero a responsabilidade primeira e a coordinación desta acción recae sobre o/a Profesor/a-Titor/a.

Por outra banda, a acción titorial non é unha tarefa puntual, máis ben trátase dun proceso continuo e é un compoñente fundamental do proceso educativo. Por iso, como acción educativa, axudará a desenvolver e potenciar as capacidades, habilidades e posibilidades dos/as alumnos/as, tratando adecuadamente as diferencias individuais.

O obxectivo fundamental que guiará a este PAT será que a educación de todos os/as alumnos e alumnas se base non só na adquisición de conceptos, senón, e fundamentalmente, na educación en valores, normas e actitudes positivas, tendo como punto de referencia os obxectivos explicitados no PEC.



III.- FUNCÍONS DO/A TITOR/A:

REFERIDAS AO ALUMNADO:

- 1.- Contribuir á individualización e personalización dos procesos de ensino-aprendizaxe.
- 2.- Facilitar a integración do/a alumno/a no seu grupo e na dinámica do Centro, fomentando actitudes participativas no centro e no seu entorno social.
- 3.- Coñecer os rasgos de personalidade, aptitudes, actitudes e intereses de cada alumno/a.
- 4.- Efectuar un seguimento dos procesos de aprendizaxe para detectar dificultades e necesidades especiais.
- 5.-Axustar a resposta educativa ás necesidades particulares do/a alumno/a mediante reforzos educativos ou adaptacións curriculares, se é preciso.
- 6.- Contribuir a desenvolver habilidades sociais, para mellorar o clima de convivencia escolar e a autoestima.
- 7.- Desenvolver habilidades e estratexias de aprendizaxe mediante programas de mellora dos hábitos de traballo intelectual (esfuerzo, interés, motivación para o traballo, resume, esquema, velocidade lectora.....)
- 8.- Iniciar a orientación académica no Terceiro Ciclo: estrutura do sistema educativo, estrutura e optatividade na ESO
- 9.-Cubrir os documentos oficiais e controlar a asistencia.

REFERIDOS AO GRUPO DOS/AS ALUMNOS/AS:

- 10.- Coñecer a dinámica do grupo e proporcionarlle oprotunidades para que funcione como grupo.
- 11.- Estimular a idea de grupo.
- 12.- Coñecer o rendimento académico do grupo en cada avaliación.

REFERIDOS AO EQUIPO DE PROFESORES:

- 13.- Coordinar o axuste das programacións ao grupo de alumnos/as, especialmente nas respostas educativas ante a necesidades edcativas especiais (reforzos educativos, adaptacións curriculares..).
- 14.- Coordinar o proceso avaliador do alumnado.
- 15.- Informar ao equipo de profesores do grupo das características dos/as alumnos/as.
- 16.- Facilitar a información sobre o grupo aos novos/as titores/as cando se cambie de ciclo.
- 17.- Recibir a información que sobre o alumnado lle faciliten outos/as profesores/as.

REFERIDOS ÁS FAMILIAS:

- 18.- Contribuir ao establecemento de relación fluidas e cordiais entre o Centro e a familia.
- 19.- Fomentar a cooperación dos pais e das nais no seu labor educativo.
- 20.- Facilitar o intercambio de información entre o Centro e as familias.

21.- Asesorar e orientar aos pais e ás nais naqueles aspectos que afecten á educación dos seus fillos e súas fillas.



IV.- ÁMBITOS DAS ACTUACIÓNS:

Os ámbitos de actuación que se pretende que abarque este Plan de Acción Tutorial son os seguintes:

1.- OS PROCESOS DE ENSINO-APRENDIZAXE (“Ensinar a pensar e a aprender”):

- Adecuación dos procesos para que sexan comprensivos (tenden a igualar a tódolos/as alumnos/as) e personalizados (atenden ás características individuais), dando resposta ao grupo e ao/a alumno/a.
- Seguimento dos procesos a nivel de grupo e a nivel individual.
- Prevención de dificultades de aprendizaxe.
- Hábitos de traballo.

2.- DESENVOLVEMENTO PERSOAL E SOCIAL (“Ensinar a ser persoa e a convivir”):

- Plan de convivencia do Centro
- Integración do alumnado na dinámica do seu grupo-clase e do Centro.
- Resolución de conflitos mediante a adquisición de habilidades sociais e fomento da convivencia.
- Desenvolvemento de autoconecemento e autoestima.
- Hábitos básicos: limpeza, orde, respecto, tolerancia, participación, convivencia, autonomía

3.- TOMA DE DECISIÓNS (“Ensinar a decidirse”):

- Sistema educativo
- A estrutura e a optatividade na ESO.

V.- OBXECTIVOS DA ACCIÓN TUTORIAL:

- 1.- Contribuír á personalización da educación, atendendo a tódolos aspectos da persoa.
- 2.- Asustar a resposta educativa ás necesidades particulares de cada alumno/a, prevenindo as dificultades de aprendizaxe, anticipándose e evitándo, no posible, todo o que as poida provocar .
- 3.- Favorecer os procesos de maduración persoal, de desenvolvemento da propia identidade e sistema de valores.
- 4.- Contribuír ao desenvolvemento da socialización, ensinando habilidades e destrezas sociais para a convivencia.
- 5.- Favorecer os procesos de desenvolvemento das capacidades de pensamento, aprender a pensar e aprender a aprender, coa ensinanza de estratexias e procedementos de aprendizaxe.
- 6.- Favorecer a integración dos alumnos e das alumnas no grupo e na dinámica do centro fomentando actitudes participativas.

7.- Proporcionar orientación académica ao alumnado do Terceiro Ciclo.



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA
CEIP de Casas

Rúa Orquídea 63
27292 Lugo
☎ 982212700 📠 982212700
Ceip.casas@edu.xunta.es



VII.- CRITERIOS DE AVALIACIÓN DO P.A.T.

Durante a aplicación do Plan avaliarase os progresos e as dificultades para modificar os aspectos que se consideren necesarios.

Ao finalizar o curso determinarase o grao de consecución dos obxectivos propostos, adecuación das actividades e o realismo da temporalización.

Como principais indicadores da avaliación empregaremos os seguintes:

- A resolución das necesidades detectadas.
- O nivel de cumprimento de liñas comúns da acción tutorial.
- O nivel de cumprimento das actividades previstas.
- O nivel de motivación acadado no desenvolvemento das actividades.
- Implicación dos equipos nas reunións de ciclo.

VI.- PLANIFICACIÓN DE ACTUACIONES:

PRIMEIRO TRIMESTRE

ÁMBITO DE ACTUACIONES	ACTUACIONES	CICLOS
1.- PROCESOS DE ENSINO-APRENDIZAXE	<ul style="list-style-type: none"> - Recollida de información sobre os/as alumnos/as (datos persoais, rendimentos, dificultades de adaptación e aprendizaxe.) - Avaliación inicial.- Detección de necesidades. - Solicitar a intervención do Departamento de Orientación - Reunións dos Titores/as, Profesores/as de apoio, Xefatura de Estudios e Orientador para organizar os apoios e grupos de reforzo. - Reunións dos Titores/as e Profesores/as de apoio para asustar as despostas educativas ás necesidades dos/as alumnos/as (reforzos educativos, adaptacións curriculares.....) - Reunión de Ciclo (Titores/as e Profesores/as de Apoio, PT, A.L.) para levar un seguimento dos/as alumnos/as apoiados/as (R.E., A.C.S...). - Reunións por Ciclos/cursos cos pais e coas nais para informalos/as sobre as liñas de actuación ó longo do curso. - Recibir ós pais e ás nais no horario de titoría establecido. - Actividades para o desenvolvemento de hábitos e estratexías traballo intelectual: <ul style="list-style-type: none"> • Atención e concentración, expresión oral • Atención e concentración, velocidade e comprensión lectoras. - Reunión primeira avaliación. - Información sobre a avaliación: Boletíns individuais..... 	<p>Infantil – 2º - 3º</p> <p>Infantil – 2º - 3º</p> <p>Infantil – 2º - 3º</p> <p>1º -2º - 3º</p> <p>1º - 2º - 3º</p> <p>1º - 2º - 3º</p> <p>1º - 2º - 3º</p> <p>Infantil – 2º - 3º</p> <p>1º</p> <p>2º - 3º</p> <p>1º-2º-3º</p> <p>Infantil-1º</p> <p>2º - 3º</p>

ÁMBITO DE ACTUACIONES	ACTUACIONES	CICLOS
-----------------------	-------------	--------

<p>2.- DESENVOLVEMENTO PERSOAL E SOCIAL</p>	<p>-Actividades de acollida:</p> <ul style="list-style-type: none"> • Acollida de alumnos/as de 3 anos. Período de adaptación. • Presentación e coñecemento entre os/as alumnos/as. Acollida de alumnos/as novos/as. • Recorrido polas dependencias do Centro para a súa localización. • Explicación da estrutura organizativa do Centro. <p>- Elaboración de normas de clase.</p> <p>- Reunións por ciclos para consensuar normas de actuación</p> <p>- Establecemento e posta en práctica de hábitos básicos:</p> <ul style="list-style-type: none"> - Aseo, orde, sentarse correctamente, cumprir normas. - Aseo, orde, sentarse correctamente, autonomía, cumprir normas. <p>-Desenvolvemento de actitudes participativas no funcionamento da clase, como distribución de tarefas.....</p> <p>-Elección de delegado/a.</p> <p>- Traballo con temas trasversais:</p> <ul style="list-style-type: none"> • Educación para a paz • Deberes e dereitos 	<p>Infantil-3 Infantil- 1 2º - 3º Infantil 1º-2º-3º (nos/as novos/as) 1º-2º-3º 1º-2º-3º Infantil 1º-2º-3º Infantil- 1 2º-3º Infantil- 1 2º - 3º 2º-3º Infantil – 2º - 3º</p>
---	--	---

VI.- PLANIFICACIÓN DE ACTUACIÓNS:

SEGUNDO TRIMESTRE

ÁMBITO DE ACTUACIÓNS	ACTUACIÓNS	CICLOS
----------------------	------------	--------

<p>1.- PROCESO DE ENSINO-APRENDIZAXE.</p>	<ul style="list-style-type: none"> - Reunións por Ciclos para asustar as respostas educativas ás necesidades dos/as alumnos/as (reforzos educativos, adaptacións curriculares. - Reunión de Tutores/as e Profesores/as de Apoio, PT para levar un seguimento dos/as alumnos/as apoiados/as (R.E., ACIs.) - Recibir aos pais e ás nais no horario de titoría establecido. - Actividades para o desenvolvemento de hábitos e estratexias traballo intelectual: <ul style="list-style-type: none"> • Atención e concentración, expresión oral, comprensión lectora. • Velocidade e comprensión lectoras, suliñado, memorización . - Solicitar a intervención do Departamento de Orientación - Reunión segunda avaliación. - Información sobre a avaliación: Boletíns individuais..... 	<p>Infantil - 2º - 3º</p> <p>1º - 2º -</p> <p>Infantil - 2º - 3º</p> <p>1º</p> <p>2º - 3º</p> <p>Infantil - 2º - 3º</p> <p>1º - 2º</p> <p>Infantil-1 3º</p>
<p>2.- DESENVOLVEMENTO PERSOAL E SOCIAL</p>	<ul style="list-style-type: none"> -Actividades para o desenvolvemento de habilidades sociais: cooperación, responsabilidade..... -Actividades para axudar na resolución de conflitos e a convivencia. -Actividades para a mellora do autoconecemento e autoestima. -Afianzamento dos hábitos básicos: <ul style="list-style-type: none"> - Aseo, orde, sentarse correctamente, cumprir normas. - Aseo, orde, sentarse correctamente, autonomía, cumprir normas. -Traballo cos temas trasversais: <ul style="list-style-type: none"> • Educación para a saúde • Educación do consumidor 	<p>1º - 2º - 3º</p> <p>2º - 3º</p> <p>3º</p> <p>Infantil – 2º - 3º</p> <p>Infantil – 2º - 3º</p>

ÁMBITO DE ACTUACIÓNS	ACTUACIÓNS	CICLO
----------------------	------------	-------

<p>2.- DESENVOLVEMENTO PERSOAL E SOCIAL</p>	<p>-Actividades para o desenvolvemento de habilidades sociais: cooperación, responsabilidade.....</p> <p>-Actividades para axudar na resolución de conflitos e a convivencia.</p> <p>-Actividades para a mellora do autoconñecemento e autoestima.</p> <p>-Afianzamento dos hábitos básicos:</p> <ul style="list-style-type: none"> - Aseo, orde, sentarse correctamente, cumprir normas. - Aseo, orde, sentarse correctamente, autonomía, cumprir normas. <p>-Traballo cos temas transversais:</p> <ul style="list-style-type: none"> • Educación para a saúde • Educación do consumidor 	<p>1° - 2° - 3°</p> <p>2° - 3°</p> <p>3°</p> <p>Infantil 2° - 3°</p> <p>Infantil 2° - 3°</p>
---	---	--

VI.- PLANIFICACIÓN DE ACTUACIÓNS:

TERCEIRO TRIMESTRE

ÁMBITO DE ACTUACIÓNS	ACTUACIÓNS	CICLO
----------------------	------------	-------

<p>1.- PROCESO DE ENSINO-APRENDIZAXE</p>	<ul style="list-style-type: none"> - Reunións por Ciclos para asustar as respostas educativas ás necesidades dos/as alumnos/as (reforzos educativos, adaptacións curriculares. - Reunión de Tutores/as e Profesores/as de Apoio, PT para levar un seguimento dos/as alumnos/as apoiados/as (R.E., ACIs..) - Recibir ós pais e ás nais no horario de titoría establecido. - Actividades para o desenvolvemento de hábitos e estratexías traballo intelectual: <ul style="list-style-type: none"> • Velocidade e comprensión lectora, expresión oral, atención, descifrar instrucións escritas, memorización. • Suliñado, resumes, esquemas - Solicitar a intervención do Departamento de Orientación - Reunión terceira avaliación - Información sobre a avaliación: Boletíns individuais ... 	<p>Infantil 2º - 3º</p> <p>1º - 2º</p> <p>Infantil 2º - 3º</p> <p>1º</p> <p>2º - 3º</p> <p>Infantil 2º - 3º</p> <p>1º - 2º</p> <p>Infantil- 2º- 3º</p>
--	--	--

ÁMBITO DE ACTUACIÓNS	ACTUACIÓNS	CICLO
----------------------	------------	-------

<p>2.- DESENVOLVEMENTO PERSOAL E SOCIAL</p>	<p>-Actividades para o desenvolvemento de habilidades sociais: cooperación, autocontrol, responsabilidade.....</p> <p>-Actividades para axudar na resolución de conflitos e a convivencia.</p> <p>-Actividades para a mellora do autoconhecimento e autoestima.</p> <p>-Afianzamento dos hábitos básicos:</p> <ul style="list-style-type: none"> - Aseo, orde, sentarse correctamente, cumprir normas. - Aseo, orde, sentarse correctamente, autonomía, cumprir normas. <p>-Traballo cos temas trasversais:</p> <ul style="list-style-type: none"> • Educación medioambiental • Educación vial 	<p>1° - 2° -</p> <p>2° - 3°</p> <p>3°</p> <p>Infantil</p> <p>2° - 3°</p> <p>Infantil</p> <p>2° - 3°</p>
<p>3.- TOMA DE DECISIONS</p>	<p>- Posta en marcha do programa de orientación académica.</p> <ul style="list-style-type: none"> • Xornadas de orientación académica: Sistema educativo, estrutura e optatividade na ESO. 	<p>3°(6)</p>